




A candidatura “Cidade de Ferrol: Porto da Ilustración” forma parte da **Lista Indicativa da UNESCO** a Patrimonio Mundial desde o 27 de abril de 2007.

A candidatura “Cidade de Ferrol: Porto da Ilustración” inclúese na categoría de bens culturais e ten como un dos principais valores o feito de que constitúe unha aplicación precisa e detallada do modelo utópico do “porto ideal” da arquitectura clásica. Así, o porto de Ferrol é un exemplo de como a acción directa e centralizadora da monarquía do século XVIII creou, a través de institucións académicas e técnicas, un complexo naval militar *ex novo*, de deseño unitario, con novidosas instalacións de apoio loxístico destinadas a manter unha frota de guerra.

Entre os valores da candidatura “Cidade de Ferrol: Porto da Ilustración”, alén da **INTEGRIDADE E DA AUTENTICIDADE** dos bens que a integran, cómpre destacar que varios dos seus bens fundamentais están declaradas **BIC** (Ben de Interese Cultural). Así é o caso do **Barrio da Magdalena, declarado en 1984 e dos castelos de San Felipe e da Nosa Señora da Palma, xunto ás Baterías de San Cristovo, San Carlos e As Viñas e o Arsenal Militar**, declarados en 1994.



Acadar o recoñecemento da UNESCO implicará unha maior protección tanto para a cidade coma para o seu porto natural e arsenais, e permitirá mellorar o mantemento dunhas construcións que contan tres séculos e conservan unha alta relación co plano orixinal, o que lles axuda a transmitir os valores do deseño e da construción racionalista, así como unha **IMPORTANTE E INTERESANTE PROXECCIÓN NACIONAL E INTERNACIONAL DA CIDADE.**

A Cidade de Ferrol Porto da Ilustración

"**Cidade de Ferrol: Porto da Ilustración**" abrangue unha área que toca os concellos de Ferrol, Fene, Narón, Neda, Mugardos e Ares e que á vez divide as súas compoñentes en **5 SUBÁREAS UNITARIAS QUE ACOLLEN OS RECURSOS DA CANDIDATURA: CIDADE-PRAZA, PORTO NATURAL, ARSENAL MILITAR, ARSENAL CIVIL E DEFENSAS COSTEIRAS.** As 5 compoñentes que integran a candidatura conservan altos graos de integridade e autenticidade grazas a que se mantiveron en uso desde a súa construción e a que non padeceron períodos de destrución, características que as singularizan fronte a outros complexos navais-militares.

PORTO NATURAL

A de Ferrol é unha ría ampla, de gran profundidade pero con boca estreita, polo que se coñece como un tipo de "**ría de botella**". Esta condición xeográfica foi decisiva para que en 1726 Ferrol fose designada Capital do Departamento Marítimo do Norte por Felipe II, e comezase toda a gran reforma da cidade. A paisaxe natural veuse modificada nos últimos anos, pero o valor medioambiental da contorna é de gran relevancia patrimonial. A costa exterior está cualificada como **LIC** da Costa Ártabra, foi declarada **ZEC** en 2004 e pertence á **ZEPA** da Costa de Ferrolterra-Valdoviño.

ARSENAL CIVIL

Constituído polo subconxunto das instalacións marítimas creadas para dar **apoio loxístico ao Arsenal Militar**, foi deseñado por Juan A. Cardemil en 1810 e conta con **5 elementos** fundamentais: o antigo **varadoiro**/ estaleiro de construción de buques; os **almacéns**, para o aprovisionamento de armas; e os **talleres, dique de carenar** e os **peiraos** de atraque, para o mantemento dos buques.

ARSENAL MILITAR

O Arsenal Militar de Ferrol compóñeno as instalacións marítimas, defensas e control do porto militar destinadas, polo tanto, ao aprovisionamento (armamento), ao mantemento e á construción (estaleiros) dos buques. Neste último caso debemos mencionar a Porta do Estaleiro, que conserva a fachada antiga, e as Ferrerías, rehabilitadas en 2007 para acollereren o Museo da Construción Naval. Tamén cómpre mencionar as instalacións vencelladas á **fortificación da cidade**, como as murallas, ou as **instalacións** que daban **servizo** ao propio Arsenal.

DEFENSAS COSTEIRAS

As construcións das Defensas Costeiras distribúense en base a **3 tipos de obras**, correspondentes á boca da ría, aos exteriores e ás obras complementarias. Cómpre destacar especialmente os **castelos** que protexían a entrada por mar a Ferrol na boca da ría: **San Felipe, Nosa Señora da Palma e San Martiño**. Xunto a eles, a protección da cidade complementábase con construcións como as baterías (conxuntos de pezas de artillería) e os faros de Prioriño Chico e da Palma, concibidos como obras estratéxicas.



UNESCO ▾ CIUDAD DE FERROL ▾ BIENES ▾ RECURSOS ▾ SABER MÁIS ▾ GAL | CAS



A candidatura “Cidade de Ferrol: Porto da Ilustración” é un proxecto de cidade na que todos os axentes sociais, culturais e económicos imos da man. É unha ilusión compartida no convencemento absoluto de que Ferrol cumpre cos requisitos e criterios para ser declarada algún día Patrimonio Mundial. Sabemos que o proceso é longo e cheo de dificultades, pero tamén sabemos que xuntos temos todas as posibilidades, por eso é fundamental o apoio unánime da cidadanía, **ASINA A TÚA ADHESIÓN** en:

[Adhesións – Ferrol: Patrimonio Mundial \(ferrolpatrimoniomundial.gal\)](http://ferrolpatrimoniomundial.gal)